



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A REALIZACIÓN DA ACCIÓN DE INVESTIGACIÓN “*Criadeiros de bivalvos: Análise integrada de datos de cultivo (biolóxicos-microbiolóxicos) e busca de indicadores prácticos (éxito-fracaso).*”

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar

DECLARA:

Que esta Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro ten previsto formalizar coa Universidade de Santiago de Compostela (USC), o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abranque, tras a súa firma por todas as Partes e a súa duración estenderase ata o 31/12/2020, podendo ampliarse de mutuo acordo se as investigacións e desenvolvementos non produciran o froito esperado e as *Partes* consideran oportuna a súa prosecución. Neste caso, e con anterioridade a finalización do *Convenio* subscribirán unha prórroga ao efecto.

Que o instrumento convencional ten por obxecto: regular a colaboración entre as *Partes* establecendo os termos e condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CM e USC para a realización da Acción de Investigación “*Criadeiros de bivalvos: Análise integrada de datos de cultivo (biolóxicos-microbiolóxicos) e a procura de indicadores prácticos (éxito-fracaso)*” (en adiante *Actividade*), de acordo co plan de traballo que se inclúe no Anexo I.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

Que CM e USC consideran esencial o establecemento de accións conxuntas que permitan realizar os traballos propostos na acción de investigación “*Criadeiros de bivalvos: Análise integrada de datos de cultivo (biolóxicos-microbiolóxicos) e busca de indicadores prácticos (éxito-fracaso).*” O grupo de traballo CIMA-USC constitúe un binomio único que garante unha serie temporal singular e diversa de datos que, en conxunto, son a base imprescindible para desenvolver a acción





de investigación. É precisa a participación de ambos grupos na recompilación e análise de datos históricos froito da súa longa colaboración, así como na súa posterior avaliación e busca de aplicabilidade. Dado que esta vía é a única para optimizar o rendemento do traballo de colaboración previo, CIMA e USC consideran de máximo interese afrontar esta actividade conxunta.

As *Partes* adoptarán todas as medidas necesarias para cumprir, sen demora e no seu debido tempo, con todas as súas obrigacións para que o *Proxecto* se execute de conformidade cos termos e condicións deste *Convenio*, e especificamente para realizar as tarefas asignadas a cada unha das *Partes* co fin de lograr os obxectivos da acción de investigación, de acordo coa descrición das mesmas que se presenta na memoria técnica que se adxunta como *Anexo 1* ao presente *Convenio*.

Que CIMA e a USC dispoñen de investigadores de valía profesional e prestixio recoñecido, así como dos medios técnicos adecuados para levar a bo termo as *Actividades* mencionadas.

Que CIMA e a USC confían nos medios dos que dispoñen para afrontar estas tarefas, polo que se inicia a colaboración entre ambas institucións co fin de conseguir estes obxectivos.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato, quedando fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, tal e como se establece no seu artigo 6, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste asínase esta memoria, en Santiago de Compostela.

